

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 4 de febreiro do 2026, pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2024 e 2025, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.

Por Resolución do 13 de outubro de 2025, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, publicada no Boletín Oficial do Estado nº. 248, do 15 de outubro de 2025, convocouse o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración Local con habilitación de carácter nacional para o ano 2024 e 2025.

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.

Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral da Lingua, esta Dirección Xeral de Administración Local, **DISPÓN**

Primeiro.- Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2024 e 2025:

Titulares:

- Xosé Gregorio Ferreiro Fente
- Olga López López
- Concepción Armas Quintá

Suplentes:

- Purificación Galán Boutureira
- Isabel Valiño Ferrín
- Carmen Nogueira Blanco

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal



Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño. O número máximo de asistencias a percibir será de tres.

Segundo.- Convocar aos concursantes que non acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatoria de galego:

- DNI nº 72966447M
- DNI nº 09786877D

Terceiro.- A proba terá lugar o vindeiro luns 9 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, na sala de xuntas (segundo andar) da Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, en Santiago de Compostela.

Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

A directora xeral de Administración Local

(Documento asinado electronicamente)

Natalia Prieto Viso

